

# Prórroga ERTes e prestación autónomos 29/09/2020

O Consello de Ministros adoptou onte martes 29 os seguintes acordos:

**-PRÓRROGA DOS ERTes** ata o 31 de xaneiro do 2021.

Mantéñense as prestacións do 70% e distinguen 3 tipos de ERTes:

-ERTes de suspensión. Con exoneración de cuotas do 100%.

-ERTes por limitación de Actividade. Con exoneración de cuotas do 100%, 90%, 70% e 60% para os vindeiros catro meses respectivamente.

-ERTes para aqueles sectores máis afectados (hai un listado de actividades destes sectores segundo CNAE). Cunha exoneración de cuotas do 85%

**-PRESTACIÓNS AUTÓNOMOS:**

Extensión e ampliación das axudas para autónomos ata o 31 de xaneiro, creando unha nova prestación extraordinaria para a suspensión da actividade e unha para ingresos baixos.

Iremos enviando máis detalladamente estas informacións nos próximos días na medida que se publiquen e se poidan solicitar.

**Asesoría Bieito.**